

MANUAL DE CALIDADE  
SISTEMA DE GARANTÍA INTERNA DE CALIDADE  
ESAD DE GALICIA

**PA501.01 Oferta educativa**

Edicións	Data	Revisións e motivos das mesmas	Aprobación Consello escolar
01	29-05-2015	Acreditación ACSUG	29-9-2015

## **OFERTA DE ESTUDOS SUPERIORES (equivalentes a grao universitario)**

### **OBXECTO**

- Describir o procedemento anual a seguir para establecer, organizar e facer pública a oferta educativa da ESAD de Galicia.

### **ÁMBITO DE APLICACIÓN**

- Escola Superior de Arte Dramática de Galicia.

### **RESPONSABILIDADES E FUNCIÓNS**

#### **Dirección**

- Elaborar, en colaboración cos integrantes do equipo de dirección, a proposta de oferta educativa para cada curso escolar.
- Informar sobre a proposta de oferta educativa aos órganos de coordinación e colexiados da Escola: Comisión de Coordinación Pedagóxica, Claustro de profesorado e Consello Escolar.
- Aprobar a oferta educativa unha vez informada polos órganos colexiados.
- Informar da oferta educativa á administración educativa.
- Establecer acordos de colaboración con asociacións, entidades e institucións para o desenvolvemento de plans de formación aberta.
- Procurar fondos e recursos para sufragar os plans de formación aberta.

#### **Secretaría**

- Elaborar información e documentación verbo da oferta educativa da Escola.
- Informar da oferta educativa e comunicala á comunidade educativa e á sociedade en xeral mediante os protocolos establecidos.
- Analizar, considerar, deseñar e poñer en práctica protocolos de información e comunicación da oferta educativa da Escola en función dos seus posibles usuarios.
- Coordinar a xestión do Plan de Formación Aberta.

#### **Xefatura de Estudos**

- Analizar, valorar e informar a proposta educativa na súa elaboración, atendendo aos recursos humanos e materiais para desenvolvela.
- Organizar os recursos humanos e materiais necesarios para atender as demandas da oferta aprobada.
- Establecer cos Departamentos o Plan de Organización Docente.
- Organizar os recursos humanos e materiais necesarios para atender as demandas do Plan de Formación Aberta.

#### **Comisión de Coordinación Pedagóxica**

- Valorar e informar a proposta presentada pola dirección da Escola.
- Colaborar na organización do Plan de Organización Docente.
- Coñecer e informar o Plan de Formación aberta.

### Claustro de profesoras e profesores

- Valorar e informar a proposta presentada pola dirección da Escola.
- Colaborar na organización do Plan de Organización Docente.
- Coñecer e informar o Plan de Formación aberta.

### Consello Escolar

- Valorar e informar a proposta de oferta educativa presentada pola dirección da Escola.
- Coñecer e informar o Plan de Formación aberta.

### Departamento de Calidade

- Coordinar as actividades do SGIC en relación co procedemento.

### Servizo de Garantía Interna de Calidade

- Facer o seguimento do deseño e aplicación do procedemento.
- Revisar e actualizar o procedemento.

### Persoal de administración e servizos

- Atender as solicitudes de información do público en xeral e tramitar todas as demandas e fluxos de documentación e información interna e externa que correspondan.

## DESENVOLVEMENTO

### Estudos superiores

No mes de febreiro de cada ano, a dirección da Escola elaborará unha proposta de oferta educativa para o vindeiro curso escolar, determinando o número de prazas de novo ingreso en cada especialidade dos estudos superiores que se ofrecen na ESAD. Esta proposta de oferta trasládase aos órganos colexiados da Escola para o seu coñecemento e valoración. Unha vez informada polos órganos competentes, esta oferta trasládase á administración educativa para o seu coñecemento e aprobación. Unha vez que as autoridades educativas determinan a oferta educativa esta é comunicada á sociedade polos medios establecidos, e facendo constar o número de prazas dispoñibles en cada especialidade e a quenda en que se ofrecen, de ser o caso.

<b>Especialidade e opción</b>	<b>Número de prazas</b>	<b>quenda</b>
<b>Interpretación</b>	24	<b>Mañá</b>
<b>Dirección escénica e dramaturxia</b>	12	<b>Mañá</b>
<b>Escenografía</b>	12	<b>Mañá</b>
<b>TOTAL</b>	<b>48</b>	

As demandas de información verbo da oferta educativa da Escola en relación aos estudos superiores que cheguen por correo electrónico ou por correo ordinario serán atendidas polos integrantes do equipo de dirección. As demandas de información realizadas vía telefónica ou en presenza tamén serán atendidas indistintamente polo equipo directivo ou polo persoal de administración e servizos.

### Formación aberta

Para cada curso escolar, a Escola poderá organizar, en función da demanda existente, un plan de actividades de formación dirixido a usuarios diversos, se ben se poderá valorar a organización de actividades de formación aberta non previstas inicialmente ao longo do curso escolar en función de demandas realizadas ou percibidas. O Plan de actividades irá acompañado dunha memoria económica que contemple custos xerais e os recursos humanos e materiais necesarios para o seu desenvolvemento. Cada actividade de formación aberta organizada pola ESAD deberá contar sempre coa coordinación dun profesor/a do centro.

A información verbo do Plan de Formación Aberta da ESAD será comunicada polas mesmas canles e cos mesmos procedementos que se utilizan para os estudos superiores.

### ANEXO I COMUNICACIÓN OFERTA EDUCATIVA

Grupo de interese	Deseño Coordinación execución	Actividade a realizar	Rexistros
Comisión de Coordinación Pedagóxica			
Claustro de Profesorado			
Consello Escolar			
Administración educativa			
Comunidade Escolar			
Centros educativos			
Colectivos teatrais			
Outros grupos de interese			
Medios de comunicación			
Outros			